

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE OURENSE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

NOVAS TECNOLOXÍAS

CURSO 2007 - 2008

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Obxectivos	3
3. Contidos	4
4. Avaliación	5

1. INTRODUCCIÓN

Novas Tecnoloxías, materia teórico-práctica para aqueles alumnos do Grao Profesional interesados no fenómeno sonoro-musical e, máis concretamente, nas posibilidades que ofrece un computador persoal de analizar, xerar e transformar sons e, polo tanto, facer música. Cómo, a través dun computador e unha tarxeta de son pódense obter, resultados profesionais.

Durante o curso traballaranse aspectos como a composición, mestura e posterior materialización dun proxecto musical, así como as aplicacións e difusión que se fai en distintos medios, principalmente o audiovisual.

2. OBXECTIVOS

Utilización de recursos informáticos e electrónicos como ferramentas de expresión, representación e interpretación musicais:

- a) Utilización do computador como ferramenta de traballo para producir sons con, ou sen finalidade musical.
- b) Utilización de programas informáticos que permitan controlar as posibilidades sonoras e musicais do computador.
- c) Creación de partituras musicais mediante o computador.
- d) Interpretación, por medio do computador, das partituras que previamente se representaron.
- e) Utilización con finalidades expresivas e creativas, das posibilidades, sobre todo tímbricas, dos sintetizadores.
- f) Utilización básica de programas informáticos que permitan controlar os sintetizadores.
- g) Creación e interpretación musical individual e colectiva.
- h) Investigación, no sintetizador, de elementos tímbricos que permitan avanzar no traballo sobre as cualidades do son e sobre os instrumentos musicais.
- i) Utilización de programas informáticos para avanzar no traballo sobre os elementos da linguaxe musical.

3. CONTIDOS

1. O son e as súas características.
2. O computador como ferramenta de gravación, edición, mestura e síntese.
3. Estudo e práctica dun dos programas máis empregados para música por computador.
4. Microfonía e fontes de son.
5. Gravadoras virtuais.
6. Sintetizadores virtuais.
7. Mesturadores virtuais.
8. Instrumentos MIDI.
 - Coñecemento do protocolo MIDI.
 - Introducción ó MIDI.
 - Especificación MIDI.
 - *Hardware* de conexión.
 - Aparatos MIDI.
 - Secuenciador.
 - Xerador de sons sintetizados (sintetizador).
 - Xerador de sons baseado en gravacións (sampler).
 - Canalizador MIDI.
 - Xeral MIDI.
 - Instrumentos Xeral MIDI.
 - Kit de percusión MIDI.
 - Recomendacións para os sistemas Xeral MIDI.
9. Secuenciadores.
 - Nuendo, Audition, integrados en audio/MIDI.
10. Notación musical.
 - O editor de partituras.
 - Práctica da escritura musical no pentagrama.
 - Finale.
 - Sibelius.
11. O mestrador de pistas (*Tracker*).
12. Os editores de mostras dixitais (*Sampler*).
13. Os sintetizadores por *software* (*Soft-synth's*).
14. Os reprodutores (*Players*).
15. Pasterización e postproducción audiovisual.
 - Audition e Pinnacle.
16. Producción e realización dun proxecto audiovisual, que inclúe a preproducción, a produción e a postproducción.

4. AVALACIÓN

Para levar a cabo a avaliación, utilizaremos exercicios que poden ser moi semellantes ós que se plantexan nas actividades da aprendizaxe. Igualmente, revisarase constantemente o traballo dos alumnos realizando o seguimento das súas actividades rexistradas no *pen drive*.

Como avaliación xeral do curso plantexarase a realización dun traballo audiovisual en grupo: a creación dunha obra musical como sustracto do visual na que aparezan tódolos elementos tratados ó longo do curso. Esta actividade permitiranos comprobar cal é o grao de asimilación dos obxectivos da presente programación, por parte dos alumnos.

Este traballo poderá ser realizado cáse na súa totalidade nas horas de clase, polo que a asistencia con aproveitamento posibilita a superación e promoción da materia.

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE OURENSE

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

CURSO 2007 - 2008

ÍNDICE

1. Introducción	3
1.1. Presentación	4
1.2. Xustificación	4
1.3. Fundamentación legal	4
1.4. Características dos alumnos	5
1.5. O profesor	5
1.6. O contexto educativo	6
1.7. Descrición e problemática da materia de Fundamentos de Composición	6
1.8. Relación con outras materias	7
1.9. Relación cos estudos de réxime xeral	7
2. Obxectivos xerais	8
3. Contidos xerais	
3.1. Contidos específicos de 5º de Grao Profesional	8
3.2. Contidos específicos de 6º de Grao Profesional	9
4. Avaliación	9
4.1. Criterios xerais	9
4.2. Criterios de avaliación	9
4.3. Sistema de avaliación	12
4.4. Recuperación, exames e baremación	12
4.5. Instrumentos de avaliación	12
4.6. Criterios de cualificación	12
4.7. Mínimos exixibles para aprobar o curso.	13
5. Metodoloxía	13
5.1. Principios metodolóxicos	13
5.2. Métodos didácticos	14
5.3. Modelo de aprendizaxe	14
5.4. Organización do espazo e do tempo	15
5.5. Educación en valores	15
5.6. As TIC e o fomento da lectura	16
6. Atención á diversidade	17
7. Atención ó alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo	18
8. Recursos materias e didácticos	18
8.1. Recursos principias	18
8.2. Recursos tecnolóxicos	18
8.3. Actividades complementarias	19
9. Bibliografía	20
10. Unidades Didácticas	21
11. Distribución temporal das Unidades Didácticas	22

Na materia de Fundamentos de Composición quedan fusionadas as ensinanzas de Harmonía e Contrapunto, tradicionalmente separadas. Ambas materias deben considerarse como dúas dimensións non distintas, senón complementarias na música; a partires deste nivel de aprendizaxe parece aconsellable que o estudo das bases técnicas da composición inclúa, como obxectivo referido á práctica da escritura, o dominio da realización das ideas musicais tanto no referente á lóxica sintáctica que supón a consideración vertical ou harmónica, como no referente a unha máis liñal ou horizontal. As diferentes técnicas contrapuntísticas (clásicas) deben aprenderse simultaneamente cos contidos da Harmonía, así como co estudo dos elementos e procedementos dos diferentes estilos utilizados dende a era pretonal ata a actualidade.

Ademais da escritura, a análise constitúe parte non meramente integrante, senón básica, da materia, xa que dita disciplina ocúpase non só do aspecto teórico de todo o concenrente ás diversas técnicas compositivas, senón de múltiples aspectos, de índole incluso especulativa, relacionados co histórico, o estético, o humanístico, o psicolóxico, ou o puramente perceptivo, cuxo coñecemento é imprescindible para a comprensión do feito musical como fenómeno cultural e psicolóxico. Así mesmo a análise proporciona ó alumno unha serie de ferramentas metodolóxicas que lle permitirán avanzar na comprensión das obras musicais, a partires de todos aqueles puntos de vista que poidan ser relevantes para conseguir dita finalidade.

A análise debe estar presente, de xeito ininterrumpido, dende ó inicio dos estudos musicais. Naturalmente, nun nivel básico ou elemental o grao de complexidade da análise que o profesor de Linguaxe Musical ou de instrumento leve a cabo terá que ter unha estreita relación cos coñecementos que posúa o alumno, centrando a atención no recoñecemento de aqueles elementos temáticos, fraseolóxicos, etc., cuxa comprensión sexa indispensable para interpretar correctamente as obras e evitando tecnicismos que poidan resultar incomprensibles. E como continuación lóxica, tanto dese plantexamento básico inicial, como do novo enfoque xurdido da fusión entre harmonía e contrapunto, a análise adquire agora unha dimensión nova, que dirixirá o coñecemento dos alumnos cara un nivel de comprensión o máis profundo posible.

No referente ós contidos de escritura, recóllese a práctica do contrapunto simple ou de especies, ximnasia mental que desenvolve a capacidade para elaborar e superpoñer liñas melódicas interesantes e equilibradas, e permite abordar a realización de obras máis relacionadas coa realidade musical. Como é lóxico, partindo dos supostos do parágrafo anterior, darase unha énfase especial ó contrapunto libre, para que esa fusión contrapunto-harmonía, teña efectivamente lugar no ámbito da realidade musical. En particular, o exercicio desta técnica será de gran utilidade para poder traballar con maior profundidade o Coral dentro do estilo de J. S. Bach, pero tamén e sobre todo, para entender realmente unha parte esencial de moitas das técnicas compositivas do século XX.

No estudo das técnicas do contrapunto invertible, así como do Canon e das distintas transformacións temáticas, suministrarán unha sólida base para abordar o estudo da Invención, obxecto idóneo en canto supón un perfecto equilibrio entre o horizontal e o vertical, e polo que supón de dominio das proporcións formais e das posibilidades de desenvolvemento temático na música de todas as épocas.

Paralelamente a todo isto, o alumno continuará a aprendizaxe daqueles elementos e procedementos da linguaxe tonal que non foran traballados con anterioridade. Ademais dunha práctica escolástica dos mesmos, o estudo de ditos elementos e procedementos centrarase, de xeito prioritario, nunha práctica estilística, con predominio dunha realización instrumental dos traballos. Traballarase tamén para profundizar no coñecemento dos elementos e procedementos de linguaxes non tonais (modalidade antiga e linguaxes posteriores ó século XIX). Deste xeito, o alumno experimentará a través da súa práctica, os procedementos básicos dos estilos Barroco, Clasico, Romantico e do século XX por medio da composición de pequenas pezas, sendo a análise previa unha útil e necesaria ferramenta para o seu coñecemento teórico.

Naturalmente, esta práctica non debe ser exhaustiva, xa que non debe conducir a un absoluto dominio de cada un dos estilos, obxectivo que pode ser deixado a unha posterior especialización, senón ó seu coñecemento básico. En calquera caso, o aspecto cuantitativo da ensinanza debe ser dosificado de xeito tal que permita unha importante práctica: a da composición libre, pois a súa presenza neste niveis de estu-

dos é fundamental para o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

En última instancia, a materia de Fundamentos de Composición fomentará, sen límites, o desenvol-

vemento da capacidade creativa dos alumnos, a través da composición de pequenas obras libres, e converterá a búsqueda dunha concepción compositiva persoal, baseada na súa propia expresión do sonoro, como obxectivo final do seu traballo.

1.1. Presentación

A presente Programación Didáctica desenvolve unha secuenciación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación que aparecen recollidos no Currículo Oficial vixente para a especialidade de Fundamentos de Composición. Está centrada na materia de Fundamentos de Composición, que se imparte no 5º e 6º curso do Grao Profesional da ensinanza de música en tódalas especialidades instrumentais.

Elaborouse seguindo os principios que sobre a Programación Didáctica se recollen no *Real Decreto 334/2004*. Tamén se tivo en conta o que se di ó respecto no Regulamento Orgánico dos I.E.S., así como nas diferentes Circulares de Instrucións con vistas á organización dos centros da propia Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta programación aparecen recollidos os seguintes apartados:

- Os obxectivos e os contidos.
- A metodoloxía que se vai aplicar.
- Os criterios, as estratexias e os procedementos de avaliación.
- Atención á diversidade e ó alumnado con necesidades especiais.

Ademais foron engadidos outros elementos que se consideraron necesarios, como o marco legal vixente, as características do alumnado, as da materia e os recursos materiais.

Na elaboración desta programación tamén se tratou de conseguir que as diferentes unidades que a integran tivesen un alto grao de relación e coherencia entre os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

1.2. Xustificación

Os alumnos entran en contacto con esta materia despois de cursar as de Linguaxe Musical e Harmonía, polo que é moi importante que esta primeira aproximación sexa de proveito e que sirva para aportar unha base sólida que lles permita afrontar con garantías os seguintes cursos do Grao Superior. Deste xeito o camiño que comezan os alumnos no estudo de Fundamentos de Composición, cheo de expectativas e de moitas dúbidas por iniciarse nunha nova e complexa materia para eles, debe ser percorrido co fin de que a súa formación como músicos sexa o máis completa posible.

1.3. Fundamentación legal

Para elaborar a presente programación tivéronse en conta as diferentes Leis Orgánicas, os Reais Decretos e os Decretos, que constitúen o marco legal preciso para un correcto funcionamento do ensino nos centros educativos de réxime especial. Estes documentos son os seguintes (ordenados xerárquicamente):

- *Lei Orgánica da Educación (LOE)*, L.O. 2/2006, do 3 de maio, que estrutura e ordena as ensinanza de réxime xeral e especial.
- *Lei Orgánica do Dereito á Educación (LODE)*, L.O.8/1985, do 3 de xullo, que desenvolve o artigo 27.1 da Constitución Española.
- *Real Decreto 806/2006*, do 30 de xuño, que deroga as seguintes leis: *Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE)*, 1/1990, do 3 de outubro; *Lei Orgánica da Calidade Da Ensinanza (LOCE)*, 10/2002, do 23 de decembro; *Lei Orgánica de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Educativos (LOPAGCE)*, 9/1995, do 23 de febreiro. Este R.D. tamén fixa o calendario para a aplicación da LOE a partires do curso académico 2007/2008.
- *Real Decreto 1577/2006*, do 22 de decembro, no que se establecen os currículos dos Graos Elemental e Profesional das ensinanzas da Música. Este aínda non foi desenvolvido en Galicia.

· *Real Decreto 756/1992*, do 26 de xuño, que foi o que estableceu o currículo dos graos elemental e medio das ensinanzas de Música. Este R.D. foi desenvolvido en Galicia á través do *Decreto 253/1993*, do 29 de xullo.

· *Real Decreto 83/1996*, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

· *Real Decreto 943/2003*, do 18 de xullo, onde se atende ó alumnado con necesidades educativas específicas, e polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diferentes niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos con alta capacidade intelectual (recollido no artigo 9).

· *Decreto 253/1993*, do 29 de xullo, exclusivo para Galicia e subordinado ó *Real Decreto 756/1992*, polo que se regulan e establecen os distintos currículos dos graos Elemental e Medio do ensino da Música.

1.4. Características dos alumnos

Coñecementos previos

Os coñecementos previos dos alumnos que comezan a estudar Fundamentos de Composición son aqueles contidos relacionados con esta materia que aparecen no currículo da Linguaxe Musical (en especial, nos dous cursos de grao profesional) e da Harmonía, podemos resumilos nos seguintes:

- Recoñecemento auditivo e análise de pequenas estruturas tonais e formais sinxelas.
- Práctica auditiva e vocal de estruturas harmónicas (tonais), con algunha dominante secundaria ou modulación, con recoñecemento analítico do proceso.
- Identificación dos diferentes acordes e da súa función tonal.
- Improvisación baseada en pequenos esquemas harmónicos e formais.
- Identificación dos distintos elementos melódicos, rítmicos, dinámicos, cadenciais, formais, modulatorios, tímbricos e de estilo en obras escoitadas.
- Desenvolvemento de hábitos de interpretación partindo do coñecemento e da análise dos elementos melódico-harmónicos.
- Práctica da escritura harmónica, a base de realizar exercicios de harmonización empregando para iso *baixos* e *cantos dados* (propostos ou propios).
- Práctica no piano de exercicios harmónicos, ou obras nun estilo homofónico, e interpretación dos propios exercicios de harmonización.

Características psicolóxicas

Tendo en conta que os alumnos que cursan a materia de Fundamentos de Composición, de idades comprendidas entre os 16 e os 18 anos, teñen que compaxinar os seus estudos musicais, xa de por sí moi esixentes, cos do ensino postobrigatorio (normalmente bacharelato) e ademais, en moitos casos, atender compromisos con diferentes agrupacións musicais (bandas de música, orquestras de baile, corais, grupos de folc, rock, jazz, etc.), podemos chegar facilmente á conclusión de que o alumno se atopa nunha situación complicada dende o punto de vista académico. A todo isto hai que sumarlle o feito de que se atopa nunha etapa crucial da súa vida en nun momento afectivo e emocional especialmente delicado. Por outra banda, en moitos casos, aínda non teñen claro qué facer co seu futuro profesional, e que relación terá este coa música.

Esta delicada situación do alumno nesa etapa compre tela ben presente para que o trato con el sexa o máis axeitado para que dese xeito poder conseguir os mellores resultados posibles na aprendizaxe de Fundamentos de Composición.

1.5. O profesor

O profesor debe ser un axente motivador que, empregando variadas estratexias didácticas, tratará de esperta-lo interese, potenciar a musicalidade e a participación do alumno. Entre as estratexias básicas debemos lembrar as seguintes:

- Estimular a participación activa dos alumnos na clase.
- Coidar o xeito de presentación da información, non abusando sempre da mesma forma de comunicación.

- Empregar estratexias que fagan revivir nos alumnos os coñecementos adquiridos anteriormente, para construír sobre eles a aprendizaxe dos novos coñecementos.
- Evitar as sancións negativas polo fracaso, e a falta de recoñecemento polo éxito.
- Procurar que o alumno interveña na planificación didáctica, por exemplo, na súa preparación, opinando sobre a súa realización e dándolle a oportunidade de rexeitar ou aprobar actividades que se propoñan (sempre dentro do razoable).
- Convidar ó alumno a que participe na avaliación da súa aprendizaxe.
- Espertar e desenvolver en todo momento a creatividade nos alumnos.
- Coidar permanentemente a forma de dirixirse ós alumnos, debe ser sempre moi respetuosa, non pode haber ningún xeito de menosprecio. Sempre hai a posibilidade de dicir as cousas de moitos xeitos, non convén nunca recurrir ós menos correctos. Debe respectar, e será respectado.

1.6. O contexto educativo

O centro educativo no que se desenvolverá a presente programación é o Conservatorio Profesional de Música de Ourense (dependente da Xunta de Galicia), que está situado nunha contorna urbana, na cidade de Ourense.

Este centro de educación musical cubrirá as demandas de ensinanza musical, especialmente a través do ensino instrumental, dos alumnos que formen parte dunha banda de música (formacións frecuentes no medio rural), que estudan algún instrumento de vento, ou percusión. Ó mesmo tempo, dará formación a outros alumnos, procedentes da propia cidade e da súa contorna, que en xeral, estudan piano, guitarra ou instrumentos de corda.

Aparte dos anteriormente citados, outros instrumentos que se poden estudar no centro, son: o clave, a gaita, o acordeón e o órgano, este último instrumento só se pode estudar en Galicia, neste centro.

A diversa orixe socio-cultural do alumnado, coas súas diferentes necesidades, é un importante factor a ter en conta para un bo funcionamento e o correcto enfoque do centro. Este debe ter ben presente cales son as necesidades de educación e formación musical na súa contorna para así poder atender todas as demandas.

O centro debe de dispor de aulas axeitadas para impartir a materia de Fundamentos de Composición, incluíndo unha biblioteca de aula, un piano, un equipo de música, un PC, e outros recursos didácticos máis tradicionais como un encerado con pentagramas, xices e borrador.

Tal e como marca a lexislación, o centro tamén dispón dunha aula polivalente (sala de audicións, ou auditorio). Tamén conta con biblioteca, aula de audiovisuais e outras dotacións (como servizo de copistería e outros).

Dentro do Proxecto Educativo do Centro aparece reflectida a importancia de toda actividade artística e cultural na comunidade educativa, propiciando e fomentando a participación do alumnado en actividades musicais e artísticas en xeral, tanto dentro como fóra do centro, en horario lectivo ou fóra del.

1.7. Descrición e problemática da materia de Fundamentos de Composición

No Grao Profesional o alumno debe ampliar os seus coñecementos con vistas a unha formación musical integral destinada a formar futuros músicos profesionais. Por iso a especialidade instrumental é primordial, actuando como eixo vertebrador do currículo, onde, en moitos casos as materias de carácter teórico, ou teórico-práctico quedan, ás veces (lamentablemente) nun segundo plano. De todos xeitos, hai que salientar que o estudo de Fundamentos de Composición é esencial para unha formación completa do alumno (en especial para aqueles que queiran adicarse á composición).

Ó longo do 5º e 6º curso do Grao Profesional, a ensinanza de Fundamentos de Composición estará centrada, sobre todo, no estudo do *sistema tonal*, pero sempre considerado baixo unha dobre vertente:

- Por unha banda, considerando que o sistema tonal posúe unhas estruturas pechadas en si mesmas, que son estudadas e analizadas pola relación estreita cun estilo musical perfectamente definido.
- Por outra, non se debe esquecer no estudo de Fundamentos de Composición que cada estilo ocupa

o seu lugar na historia da evolución da linguaxe musical de Occidente.

Tamén é importante ter en conta que o coñecemento profundo do sistema tonal servirá de base para afrontar nun futuro os estudos do Grao Superior. En consecuencia, o currículo ademais de pretender que o alumno desenvolva procedementos e hábitos de creación musical (inspirándose nos estilos das diferentes épocas), persegue tamén acadar un coñecemento o máis completo posible do sistema tonal e dos elementos que o constitúen, para logo máis tarde, poder achegarse ó mundo do estilo atonal.

Con todo isto, o coñecemento do funcionamento da tonalidade funcional achégalle ó alumno unha maior comprensión do feito musical, que favorecerá a súa aprendizaxe como instrumentista ó poder profundizar no estudo das obras para o seu instrumento, aportándolle unha nova visión que lle facilitará a súa asimilación e interpretación.

1.8. Relación con outras materias

Cando os alumnos comezan o estudo do Grao Profesional, nos dous primeiros cursos, estúdase Linguaxe Musical, que lle proporciona ó alumno os elementos teóricos e de tipo funcional necesarios para a práctica da lectura e da escritura musical.

Nos cursos 3º e 4º do Grao Profesional, partindo das dúas posibilidades que existen (tendo en conta se os instrumentos son sinfónicos, ou non), os alumnos cursan as materias que se expoñen a continuación:

O horario (semanal) para os instrumentos da orquestra sinfónica (frauta traveseira, oboe, clarinete, fagot, trompa, trompeta, trombón, tuba, violín, viola, violoncelo, contrabaixo, arpa, saxofón e percusión):

Instrumento, 1 hora; Harmonía, 2 h.; Orquestra, 2 h.; Música de Cámara, 1 h. e Piano Complementario, ½ h..

Para os demais instrumentos (acordeón, canto, clave, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, frauta de pico, gaita, guitarra, instrumentos de púa, órgano, piano, viola da gamba, etc.):

Instrumento (ou Canto), 1 hora; Harmonía, 2 h.; Música de Cámara, 1 h.; Coro, 1 e ½ h. e Piano Complementario, ½ h..

Os alumnos que estuden Canto teñen ademais 1 hora de idioma estranxeiro.

A materia de Coro, que é unha práctica en conxunto (co que isto ten de positivo) favorece a interiorización de contidos de Linguaxe Musical, de Harmonía, e provoca o desenvolvemento do pensamento harmónico a través da condución das voces.

A materia de Historia da Música, proporciónalles ós alumnos os coñecementos históricos e estéticos que o instrumentista precisa para así conseguir unha interpretación o máis correcta posible.

Fundamentos de Composición cúrsase ó mesmo tempo que Historia da Música, este feito favorece a aprendizaxe da materia que nos ocupa, pois a información e os coñecementos que lles aporta ós alumnos dita materia, axudaraos a entender mellor a estética de cada período e, polo tanto, a poder crear pequenas obras máis acordes co estilo de cada época.

Nesta programación non se contemplan as materias opcionais debido a súa natureza, xa que son a antesala dos estudos superiores.

1.9. Relación cos estudos de réxime xeral

Segundo a LOE 2/2006 as ensinanzas de réxime xeral constan dos seguintes niveis: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e Formación Profesional. Non se contempla ningunha modificación con respecto á LOXSE e LOCE, agás que o antigo Bacharelato Musical pasa a ser un Bacharelato Artístico.

Os alumnos que estudan Fundamentos de Composición, no 5º e 6º curso do G.P., se comezaron a estudar ós oito anos, estarán cursando o Bacharelato ou a Formación Profesional. En consecuencia, como no 3º curso da ESO o alumno xa estudou Música no seu centro de educación secundaria (obrigatoria), estará, polo tanto, en mellores condicións para poder afrontar a materia de Historia da Música, e por suposto, a de Fundamentos de Composición.

Pero dado que no conservatorio o alumno está levando a cabo os estudos de Historia da Música, este

coñecemento acadado no ensino obrigatorio proporciónalle unha aproximación á comprensión do fenómeno musical. En consecuencia, axudarlle a ver e a comprender o sistema tonal funcional, que se estuda no 5º e 6º curso do G.P. (despois de estudar a materia da Harmonía no 3º e 4º curso), como un elemento asociado a unha época determinada.

Os coñecementos adquiridos previamente polo alumno, na materia de Harmonía, permitiránlle desenvolver determinadas destrezas de escritura, así como profundizar no coñecemento dos principais elementos e procedementos da linguaxe musical e a súa relación coas distintas técnicas compositivas, co fin de iniciarse no estudo da composición e de avanzar cada vez máis nunha comprensión das obras musicais que posibilite a súa interpretación axeitada.

2. OBXECTIVOS XERAIS

A ensinanza de Fundamentos de Composición nas ensinanzas profesionais de música terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

a) Coñecer os principais elementos e procedementos compositivos das distintas épocas e compositores, dende o Canto Gregoriano ata a actualidade.

b) Coñecer a interrelación dos procedementos compositivos das distintas épocas coas estruturas formais que deles se derivan, profundizando especialmente no manexo de estruturas formais cada vez máis complexas.

c) Coñecer as posibilidades compositivas dos instrumentos da orquestra sinfónica.

d) Valorar tódolos parámetros musicais na súa xusta medida como construtores en conxunto, e de forma individual, da textura musical.

e) Fomentar a investigación e inquietude do alumno cara calquera evento sonoro e a súa posible aplicación musical.

f) Realizar harmonizacións de melodías propostas ou propias coa máxima corrección e con senso musical.

g) Realizar exercicios de contrapunto respectando as normas referentes á condución das voces e buscando a máxima musicalidade.

h) Utilizar os principais elementos e procedementos compositivos das épocas barroca, clásica, romántica, e posteriores, ata os nosos días.

i) Realizar pequenas obras libres de dimensións pequenas e medias, con diversidade de instrumentación, co fin de estimular o desenvolvemento da espontaneidade creativa.

j) Analizar obras dende diferentes puntos de vista que permitan avanzar na súa comprensión.

k) escoitar internamente os elementos e procedementos estudados, tanto na análise de obras como na realización dos exercicios escritos.

l) Identificar a través da audición os procedementos aprendidos.

3. CONTIDOS XERAIS

· Continuación do estudo e práctica dos elementos e procedementos compositivos que interveñen no sistema tonal.

· Práctica do contrapunto simple, do Coral, do contrapunto invertible, do Canon e da imitación transformativa.

· Realización de traballos e composición de pequenas obras nos estilos barroco, clásico e romántico.

· Estudo dos diferentes elementos que configuran a linguaxe musical.

· Estudo e práctica da composición baseada en concepcións posteriores ó sistema tonal.

3.1. Contidos específicos de 5º de Grao Profesional

· Elementos de transformación temática: inversión, retrogradación, aumentación e diminución.

· Elementos compositivos melódicos: notas de paso, bordaduras, retardos, apoiaturas, elisións, escapadas e anticipacións.

· Realización contrapuntística rigurosa: coa realización das especies clásicas ou a partires do estudo e imitación de obras e autores clásicos.

· Composición de canons a distintas distancias.

- Contrapunto invertible á oitava.
- Coral harmonizado e figurado.
- Estudo da frase musical: tipos, relación melodía-harmonía e cadencias.
- Repaso e aplicación das materias estudadas en Harmonía, entre as que hai que salientar: a lóxica nas progresións harmónicas, a secuenciación, a mecánica do enlace dos acordes e as resolucións excepcionais dos acordes de sétima..
- Dominantes secundarias.
- Modulación a tonalidades cercanas.
- Coñecemento dende o punto de vista analítico, e comezo na aplicación, das formas principais do Renacemento, do Barroco, e do Clasicismo, con especial atención á Invención, a Fuga e a Suite de danzas.
- Técnicas básicas de instrumentación dos instrumentos de corda (fretada) e de vento madeira.

3.2. Contidos específicos de 6º de Grao Profesional

- Continuación do estudo das formas do Clasicismo e do Romanticismo, tanto dende a vertente analítica como a da aplicación á composición.
- Modulación a tonalidades lonxanas.
- Ampliación da tonalidade: estudo dos recursos propios da expansión da tonalidade, do debilitamento das funcións tonais e da disolución da tonalidade.
- Harmonía modal.
- Coñecemento, dende o punto de vista analítico, dos principais sistemas de composición atonais, e introdución na práctica dalgún deles.
- Continuación do estudo da instrumentación (corda, vento madeira, vento metal e percusión).
- Iniciación ó estudo da orquestración.

4. AVALIACIÓN

A avaliación debe ter unha función orientadora e formativa. Debe ser motivadora, reflexiva e analítica. Ten que referirse ós procesos (avaliación continúa) e non só ós resultados (avaliación final). Os criterios de avaliación deben garantir unha avaliación sistemática e obxectiva, que estea baseada no equilibrio entre obxectivos e resultados acadados.

Na medida en que o número de alumnos o permita, levarase a cabo un seguimento pormenorizado do progreso de cada alumno de xeito individualizado.

4.1. Criterios xerais

Tendo en conta que a prioridade absoluta da materia é a creación, o aspecto práctico da mesma, a atención principal na avaliación será o seguimento individual do traballo de cada alumno. O outro aspecto fundamental será a evolución da capacidade de análise.

4.2. Criterios de avaliación

1. Realizar exercicios a partir de baixos cifrados, baixos sen cifrar e cantos dados.

Con este criterio avalíase o dominio do alumno no referente á mecánica dos novos elementos estudados, así como a capacidade para empregar cun senso sintáctico os diferentes procedementos harmónicos.

2. Compoñer exercicios breves, a partir dun esquema harmónico dado ou propio.

Este criterio de avaliación permitirá valorar a capacidade do alumno para crear na súa integridade pequenas pezas musicais a partir de esquemas harmónicos e/ou procedementos propostos polo profesor ou propios, así como a súa habilidade para conseguir resultados coherentes facendo uso da elaboración temática.

3. Realizar exercicios de contrapunto simple ou de especies a dúas, tres e catro voces nas combinacións clásicas.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumno para crear liñas melódicas inte-

resantes e equilibradas, así como a súa destreza na superposición das mesmas que permitirá abordar a realización de obras nas que se plantexen ademais problemas formais.

4. Harmonizar corais a capella no estilo de J. S. Bach.

Con este criterio avaliarase a capacidade do alumno tanto para realizar unha harmonización equilibrada como para elaborar liñas melódicas interesantes coidando especialmente o baixo. Igualmente servirá para comprobar a asimilación dos elementos e procedementos propios deste xénero no estilo de J. S. Bach.

5. Realizar exercicios de contrapunto invertible a distintos intervalos.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumno para crear liñas melódicas interesantes cuxa superposición resulte equilibrada dende os puntos de vista harmónico e contrapuntístico, en calquera das disposicións posibles, en tódolos estilos.

6. Realizar canons por movemento directo a dúas voces a todas as distancias interválicas e a tres e catro voces con e sen *cantus firmus*.

Este criterio de avaliación trata de valorar a capacidade do alumno para crear liñas melódicas interesantes cuxo funcionamento canónico sexa equilibrado harmónica e contrapuntísticamente e orixine unha forma global coherente e proporcionada, en tódolos estilos.

7. Realizar canons utilizando as técnicas de imitación transformativa: movemento contrario, retrógrado, aumentación e diminución.

Este criterio pretende avaliar a asimilación por parte de alumno das técnicas de imitación transformativa e o seu funcionamento dentro dun contexto canónico, así como a habilidade para obter o máximo partido da súa utilización, en tódolos estilos.

8. Realizar invencións dentro do estilo de J. S. Bach.

Este criterio avalía a capacidade do alumno para crear formas libres contrapuntísticas monotemáticas, de distribución harmónica equilibrada a pequena e gran escala, así como para organizar con arranxo a un plan tonal proporcionado as súas seccións, integradas por bloques temáticos e transicións estreitamente conectadas, e obter de xeito ordenado o máximo aproveitamento das posibilidades de desenvolvemento que ofrece un único motivo xerador.

9. Realizar traballos e compoñer pequenas obras instrumentais (ou fragmentos) nos estilos barroco, clásico e romántico.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumno para utilizar nun contexto estilístico determinado e, no seu caso, por medio dunha escritura especificamente instrumental, os elementos e procedementos aprendidos, así como para crear obras ou fragmentos nos que se poida apreciar o seu sentido das proporcións formais e a súa comprensión do papel funcional que xogan os distintos elementos e procedementos utilizados.

10. Compoñer obras con plantexamentos instrumentais diversos, de dimensións pequenas ou medias (ou fragmentos), baseadas na modalidade antiga, utilizando diferentes estruturas formais.

Mediante este criterio poderase valorar a capacidade do alumno para utilizar os recursos compositivos harmónico-contrapuntísticos pretonais en diferentes marcos estruturais.

11. Compoñer obras con plantexamentos instrumentais diversos, de dimensións pequenas ou medias, xeradas por diferentes estruturas formais, utilizando distintas linguaxes posteriores ó século XIX.

Este criterio permitirá valorar a capacidade do alumno para atopar diferentes xeitos de crear estruturas formais en función da propia linguaxe musical elegida, así como de atopar e valorar as consecuencias que no conxunto teña a instrumentación elexida e a explotación dos recursos tímbricos propios dos instrumentos correspondentes.

12. Compoñer pequenas obras libres, baseadas na utilización dos elementos e procedementos aprendidos.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para, a partir das suxerencias que esparte nel o contacto analítico e práctico cos diferentes procedementos compositivos das distintas épocas, compoñer pequenas obras libres nas que poida desenvolver a súa espontaneidade creativa. Igualmente poderá avaliarse a súa capacidade para sacar consecuencias dos materiais elexidos e resolver os problemas que poida presentar o seu tratamento.

13. Compoñer obras libres con plantexamentos instrumentais diversos, baseadas na búsqueda de linguaxes propias.

Mediante este criterio poderase valorar a capacidade do alumno de búsqueda dos recursos precisos para expresar as súas propias ideas musicais e, polo tanto, será o principal criterio de valoración do desenvolvemento da capacidade creativa.

14. Compoñer exercicios breves baseados nun só parámetro musical.

Este criterio de avaliación valorará a capacidade de desenvolvemento do alumno respecto a un só parámetro compositivo como por exemplo: un determinado intervalo, un determinado engadido acordal, unha escala, a densidade, etc.

15. Identificar mediante a análise de obras os elementos morfolóxicos das distintas épocas da linguaxe musical occidental.

Con este criterio poderáse avaliar a habilidade do alumno no recoñecemento dos distintos elementos estudados e comprensión dende o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente.

16. Identificar mediante a análise de obras das distintas épocas da música occidental os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.

Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumno para recoñecer os procedementos sintácticos, de transformación temática, etc., así como a súa capacidade para valorar o papel funcional de ditos procedementos e comprendelos dende o punto de vista do estilo considerado sincrónica e diacrónicamente.

17. Identificar mediante a análise de obras das distintas épocas da música occidental os elementos, procedementos e niveis estruturais que configuran a forma a gran escala.

Preténdese con este criterio avaliar a capacidade do alumno para recoñecer os criterios seguidos polo autor na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc.) Comprender a interrelación de ditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os distintos elementos e procedementos xogan dentro dos mesmos.

18. Identificar auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma a pequena escala.

Mediante este criterio poderá avaliarse o o progreso da capacidade auditiva do alumno, a través da identificación dos diversos elementos e procedementos estudados partindo de fragmentos esencialmente homofónicos, así como doutros con maior presenza do horizontal.

19. Identificar auditivamente os elementos e procedementos que configuran a forma a gran escala.

Preténdese valorar o progreso da capacidade auditiva do alumno na identificación dos criterios seguidos polo autor na elaboración da forma global dunha obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc.), así como comprender a súa interrelación cos elementos que configuran a forma a pequena escala.

20. Identificar auditivamente diversos erros en exercicios preparados cos esta finalidade e propoñer solucións.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumno para detectar por medio da audición os posibles defectos de realización ou estilo que poidan aparecer nun fragmento de música, así como a súa capacidade para propoñer solucións alternativas axeitadas.

21. Identificar a través da análise diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións.

Este criterio permitirá valorar a habilidade do alumno para detectar, mediante a análise, os posibles defectos que poidan aparecer nun fragmento musical, así como a súa capacidade para propoñer solucións axeitadas.

22. Descubrir auditiva e analíticamente diferentes configuracións tímbricas e de textura sonora.

Este criterio proporcionará unha avaliación das posibilidades do alumno para comprender o papel do factor timbre e a textura nua composición musical; a súa aportación ó son, transicións estruturais, diferenciacións formais e comprensión harmónica.

23. Distinguir e recoñecer auditiva e analíticamente diferentes instrumentacións.

Mediante este criterio pretenderase avaliar as capacidades do alumno para asimilar as distintas sonoridades elexidas polos compositores para expresar a súa linguaxe, e valorar os efectos derivados da súa elección.

24. Realizar ensaios e audicións das composicións libres.

Este criterio permitirá valorar a capacidade do alumno para correxir erros de escritura, constatar diferencias nas posibilidades interpretativas e elixir os seus propios criterios de valoración ó respecto.

4.3. Sistema de avaliación

A avaliación será contínua, valorando o traballo realizado ó longo do curso, a regularidade do mesmo, a súa calidade técnica, a creatividade e, en aqueles apartados que exixan participación (corrección colectiva de análises e audicións), as aportacións individuais e o interese amosado.

4.4. Recuperación, exámes e baremación

Aqueles alumnos que non superen a materia coa avaliación contínua, así como os que non asistiran ás clases ou os que queiran subir a nota obtida, deberán realizar un exame final en cada trimestre. Dito exame consistirá nunha proba práctica e unha análise, como mínimo, e poderá contar tamén, se o profesor o considera oportuno, cunha proba de audición, para valorar a capacidade do alumno de situar histórica e estilisticamente o escoitado, así como de recoñecer outros aspectos da música estudados (forma, plantilla, recursos técnicos, etc.).

Os trimestres con suspenso non se recuperarán, ó ser a materia de contido acumulativo. Se un alumno aproba un trimestre levando suspenso no anterior, terá recuperada a materia.

Segundo o borrador da nova reforma educativa, a LOE, os alumnos poderán promocionar ó seguinte curso tendo dúas materias suspensas (algo que non sucedía anteriormente).

Ademais tamén se contemplan exames de recuperación en setembro (ó igual que sucedía no antigo plan do ano 1966).

Os alumnos que leven suspenso en xuño, ó igual que os que non asistiran ás clases e queiran aprobar a materia, poderán realizar un exame en setembro. Dito exame será como os trimestrais descritos con anterioridade. A baremación exacta do exame será unha decisión a tomar polo profesor, se ben terán porcentaxes de maior a menor na orde seguinte: proba práctica, análise e audición.

No caso de non superar a proba específica do mes de setembro, o alumno, se promociona, atoparase no curso seguinte onde será necesario atender individualmente as súas carencias con respecto á materia de Fundamentos de Composición con exercicios axeitados que lle poidan permitir abordar o curso no que se atopa. Polo tanto, terá que asistir, con regularidade, ás clases do curso pendente e presentarse ás probas trimestrais (e a final) establecidas.

4.5. Instrumentos de avaliación

Os instrumentos de avaliación deben ser obxectivos, fiables e ponderables, capaces de discriminar niveis de rendemento a través de escalas cuantitativas (numéricas) e cualitativas (cualificacións).

A avaliación non estará centrada exclusivamente nos contidos de tipo conceptual, senón que se valorarán tamén os contidos procedimentais e actitudinais, polo tanto, empregaránse como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Observación sistemática, diaria e individual de cada alumno.
- Material de clase do alumno.
- Diario de clase do profesor, onde serán anotadas as actividades realizadas con cada grupo, etc..
- Realización de traballos en grupo, abrindo un debate e con aportación de ideas de cada alumno.
- Probas escritas e orais, que deberán amosar os coñecementos adquiridos do alumno.
- Composicións realizadas durante o curso.

4.6. Criterios de cualificación

Os sistemas de cualificación son a ferramenta que concreta cuantitativamente os criterios de avaliación (que avaliamos), os procedementos de avaliación (como avaliamos) e a temporalización (cando a-

valiamos). Nesta programación están marcadas as porcentaxes sobre a nota final, resultando as valoracións seguintes (para os alumnos con dereito a avaliación contínua):

- A participación na clase suporá un 20% da nota final.
- Os traballos realizados durante o curso, un 40% da nota final.
- Os traballos realizados en grupo, un 10% da nota final.
- Os exames escritos ou orais, un 30% da nota final.

Cada un dos criterios de avaliación citados anteriormente será puntuado do 1 ó 10 e aplicarase á valoración sistemática das clases e tamén, ás probas específicas trimestrais (e de fin de curso).

Nas probas trimestrais (que se realizarán, ou non) deberán tratarse todos os apartados descritos con anterioridade, segundo os criterios de cualificación, cada un deles será valorado positiva ou negativamente segundo fora tratado. A suma total de tódalas puntuacións será de 10,

4.7. Mínimos exigibles para aprobar o curso

A nota final dependerá do seguimento individual, e das probas trimestrais e da final (se estas se realizan).

A proba trimestral e a final consistirá na harmonización dun *Canto/Baixo Dado*, na realización dun exercicio de contrapunto e na análise dunha obra ou fragmento musical.

Ó final do curso, o alumno, terá que presentar unha composición realizada ó longo do curso.

Para poder aprobar o curso, a nota final debe ser igual ou superior ó 5.

5. METODOLOXÍA

A materia de Fundamentos de Composición contempla como obxectivo prioritario o coñecemento dos diversos sistemas compositivos da música occidental e a súa aplicación ós distintos estilos. Para acadar este dominio estudaranse obras que servirán de modelo a imitar, imitación que se fará tras un estudo das ferramentas utilizadas nestas. Para iso é preciso combinar diversas estratexias metodolóxicas. Por unha banda, a análise dos elementos que conforman a obra, dende unha perspectiva que permita relacionalos entre si e estudalos en relación á totalidade da obra. Este traballo combina a exposición do profesor para dar pautas xerais para a análise, o traballo individual do alumno á hora de facer dita análise, e unha exposición colectiva á hora da corrección, sempre dirixida polo profesor. Por outra, o alumno realizará sempre, ó longo do curso, traballos prácticos onde aplicará o estudado. Este traballo será individual, así como a corrección do mesmo por parte do profesor.

Un último aspecto, relacionado co carácter práctico da materia, é a interpretación das composicións dos alumnos, ben sexa na clase ou nun concerto organizado para tal fin.

O seguimento da evolución dos alumnos valorará o seu desenvolvemento individual, a partir dun diagnóstico inicial, con criterios adaptados ás súas propias capacidades, ó seu traballo e a súa evolución.

O seguimento da evolución dos alumnos valorará o seu desenvolvemento individual, a partires dun diagnóstico inicial, con criterios adaptados ás súas propias capacidades, ó seu traballo e á súa evolución.

Independentemente da natureza do grupo, e en atención á diversidade, realizarase unha avaliación previa de coñecementos e de aptitudes. Do mesmo xeito, mediante o traballo cotiá poderemos sacar conclusións sobre cada un dos alumnos, e así crear grupos de traballo para facilitar a integración de cada alumno no seo do grupo, fomentando en todo momento un bo ambiente e unha boa relación entre todos, de respecto e amizade, que propiciará unha mellor formación. Todo isto pode levarse a cabo en certas actividades como as audicións, a análise colectiva, etc..

5.1. Principios metodolóxicos

O coñecemento actual sobre como se aprende está baseado na concepción *constructivista* que considera o coñecemento como unha construción persoal. O alumno, mediante unha actividade intelectual, elabora significados propios a partir dos coñecementos que xa tiña. Ninguén pode substituír ó alumno nesta actividade intelectual, pero esta construción realízase sempre incluída dentro dunha interacción educativa.

Os principios metodolóxicos que se traballarán nesta programación son:

· A actividade: un método activo caracterízase pola concepción inicial de que as cousas aprendense facéndoas. A actividade supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables, que no caso de Fundamentos de Composición son, sobre todo, de carácter intelectual.

· A atención personalizada: esta é unha cuestión moi importante para que o progreso do alumno sexa o axeitado. A maior parte dos traballos realizados polos alumnos na casa e na clase de Fundamentos de Composición serán corrixidos dun xeito individual, polo que o seguimento da evolución de cada alumno estará garantido.

· A socialización: a través da realización de traballos en grupo. A posta en común dos traballos realizados debe ser habitual, o feito de compartir experiencias e escoitar o resultado do traballo dos compañeiros resultará gratificante e moi estimulante, e repercutirá nun maior nivel de interacción entre eles.

· A interdisciplinidade: trasladando o aprendido ás demais materias, e sobre todo, aplicándoos sobre o propio instrumento (na medida do posible).

· A globalización: tendo en conta a natureza do grupo, homoxénea ou heteroxénea, así como outros factores do proceso educativo. Os coñecementos previos do alumno, tanto os que adquire nos estudos musicais como nos de réxime xeral, como na súa vida e experiencia cotiá.

· A educación en valores: fomentando un comportamento que respecte aqueles valores presentes nos contidos transversais. De xeito especial, o respecto ós compañeiros e os seus traballos (neste eido non convén esquecer o papel fundamental do profesor, que debe ser modélico e exemplar).

· A contorna socio-cultural: será outro elemento a ter en conta a través dos recursos didácticos que poida ofrecer en forma de agrupacións varias, actividades de tipo cultural, bibliotecas, fonotecas, *internet*, etc..

5.2. Métodos didácticos

Convén que todo método ou estratexia didáctica que empregemos para levar a cabo os obxectivos que nos propoñamos debe responder ó principio de facer da aprendizaxe algo vivo, que entusiasme ó alumno o suficiente para que participe activamente no traballo da clase.

Os métodos a empregar poden ser os seguintes:

- Método de proxectos: este plantexa ó alumno situacións complexas co fin de resolvelas de xeito creativo, estimulando a súa imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias, neste método o alumno parte do concreto ó abstracto, principio básico da pedagogía, é dicir, partirá dos coñecementos que posúe (desta, ou doutras materias) para chegar á adquisición de novos coñecementos mediante a aprendizaxe.

- Método da aprendizaxe por descubrimento (ou dedución): con este método o alumno extrae as súas propias conclusións a partir da observación e posterior asimilación, construindo deste xeito a súa propia aprendizaxe. A consecuencia máis importante deste método é que o alumno aprende a aprender, é o máis importante para calquera tipo de aprendizaxe (no caso de Fundamentos de Composición non o será menos). Polo tanto, é moi importante achegarlle ó alumno a información básica para que el por si mesmo, poida construír a súa aprendizaxe, relacionando a nova información cos seus coñecementos. Este método presenta un problema que debe ser tido en conta, que é que o contido principal da aprendizaxe non é dado, senón autodescuberto, co cal é imprescindible comprobar o grao de comprensión de cada alumno, e se é posible, corrixilas posibles malas interpretacións derivadas da observación.

- Método científico: parte do plantexamento dun problema, seguido da formulación dunha hipótese, proba a través dun experimento, introdución das conclusións na teoría inicial e reaxuste da hipótese.

5.3. Modelo de aprendizaxe

O modelo de aprendizaxe a empregar está baseado na aprendizaxe significativa, que estará inspirada no constructivismo, é dicir, partindo dos coñecementos previos do alumno desenvólense os contidos de xeito estruturado e coherente, de forma que poidan construír novas aprendizaxes sobre o xa aprendido (tendo en conta que cada nova aprendizaxe aumenta a capacidade de aprender).

Ademais, deberase crear un ambiente axeitado no aula que sexa motivador para o alumno, tratando de crear contextos de aprendizaxe que os leven a ter ben presentes os contidos xa coñecidos, sendo isto algo asociado ó feito musical, e en particular ó estudo de Fundamentos de Composición, onde sempre hai

que poñer en práctica contidos xa asimilados.

Como consecuencia de todo isto, tratarase de construír aprendizaxes a través da necesidade de lembrar os coñecementos adquiridos con anterioridade, por esta razón, faise necesario volver ós contidos impartidos que se relacionen co que se está estudando en cada momento, así como ós coñecementos adquiridos noutras materias que sirvan de base ás novas aprendizaxes.

5.4. Organización do espazo e do tempo

A organización do espazo e do tempo é fundamental, xa que condiciona en grande medida a viabilidade das aspiracións educativas.

Como estamos ante unha materia que conta cunha cociente non superior ós oito alumnos, faranse as seguintes consideracións, tendo en conta o espazo dispoñible:

- Debe procurarse que o encerado estea situado nun lugar onde tódolos alumnos poidan velo, pois terá un papel moi importante en moitas das actividades que se levarán a cabo.

- De ser posible, a ventá estará colocada á esquerda dos alumnos, dado que a maior parte dos alumnos son destros, deste xeito evítanse sombras molestas.

- Elexir unha colocación óptima para o piano, evitando a súa disposición directa ó sol, ou que estea preto do radiador e garantindo unha cómoda dispoñibilidade (para o profesor e para o alumno).

- A mesa deberá estar colocada de xeito que todos os alumnos poidan ver ó profesor, e ó contrario.

- A colocación das cadeiras de pa (mellor serían pupitres, tendo en conta as características das partituras), se é posible, será en forma de semicírculo, para que todos poidan ver ós seus compañeiros e, a súa vez, ó profesor.

- Non estaría de máis contar cun andel, con libros e discos para a súa utilización nas clases.

- O equipo de música debe estar en disposición de ser utilizado con facilidade en calquera momento, os altosfalantes estarán ben colocados para que todos os poidan escoitar.

No que se refire á organización do tempo, podemos falar de sesións variadas en función das actividades que se desenvolvan. Tamén convén cambiar, na medida do posible, de actividade para lograr que o alumno manteña a atención permanentemente.

A continuación describirase globalmente a secuencia de actividades prevista en cada unha das sesións (un exemplo entre outros posibles).

- En primeiro lugar farase un repaso dos temas tratados na clase anterior facendo breves preguntas e corrixindo exercicios ou aclarando dúbidas que puidesen xurdir.

- Despois farase un breve exercicio, que pode ser oral ou escrito, de coñecementos previos para comprobar en que situación se atopa cada alumno para assimilar as novas aprendizaxes a traballar na sesión.

- Máis tarde levaranse a cabo actividades coas que se desenvolva a aprendizaxe significativa dos diferentes obxectivos a conseguir en cada sesión.

- Por último, realizaranse actividades de consolidación das aprendizaxes desenvolvidas e comprobarase se cada un dos alumnos sabe exactamente que facer para levar a cabo con garantías o traballo a realizar na súa casa.

5.5. Educación en valores

As Leis Educativas (LOXSE, LOCE, LOE) plantexan unha serie de contidos que deben percorrer todo o currículo, no senso de que non serán abordados dende unha materia en concreto, senón dende todas ó mesmo tempo, aplicando a idea da transversalidade.

Tradicionalmente nos plantexamentos formativos da ensinanza de música (e nas de réxime especial, en xeral) non se tivo en conta (por escrito) a educación en valores. De todos xeitos é importante facer unha mención especial a dita educación, debido á propia natureza do acto pedagóxico, xa que este debe proporcionar ó alumno unha formación íntegra, non só como músicos, senón tamén como persoas.

As materias transversais propostas son:

- Educación ambiental, neste punto pódese facer referencia á contaminación acústica, moi presente (por desgraza) na sociedade actual, que ten fácil conexión co mundo da música. Se temos en conta o a-

buso que se da na sociedade actual de certas músicas, así como a saturación que se produce por un uso indiscriminado da música en xeral, temos aquí un elemento de relación que nos permitirá facer reflexionar ós alumnos, sobre certos usos da música así como da súa calidade. Hoxe en día fálase de televisión “lixo“, de comida “lixo“ e de outras cuestións, cabe engadir tamén o de música “lixo“, que pode resultar nociva para unha boa saúde mental.

- Educación para a saúde. A música, sexa vivida como oínte, intérprete ou de outro xeito, incide moi positivamente no equilibrio persoal e no estado anímico das persoas. Convén facer unha boa selección das obras a escoitar, existe unha peza para cada momento, e moitos estilos onde escoller. Hai que descartar aquela música que non teña unha mínima calidade. Tamén evitaremos o exceso de volume á hora de escoitala, para manter así unha boa saúde dos oídos.

- Educación para a igualdade entre os sexos. Tomando como punto de partida a actividade musical en grupo, que se inicia partindo do principio de integración, respecto mutuo e reparto do traballo, sen ter en conta o sexo, nin a orientación sexual de cada alumno.

- Educación para a paz e a tolerancia. Esta cuestión ten unha presenza constante en tódalas sesións de clase, pois a relación coas persoas da contorna supón un marco de actuación onde se pon en práctica as normas básicas de convivencia e a interacción dentro do grupo. Resulta evidente que a educación musical favorece a convivencia entre as persoas.

- Educación para o lecer. É importante que o alumno no seu tempo libre poida ter experiencias vitais de todo tipo, pero dende a clase de Fundamentos de Composición podense promover actividades extraescolares de tipo lúdico-musicais (e culturais en xeral), é positivo fomentar e potenciar dende a clase, na medida do posible, afeccións positivas, pero sempre dentro dun respecto absoluto ó alumno.

- Educación do consumidor. Desenvolvendo un senso crítico no alumno ante o fenómeno musical, que lle permita poder seleccionar, cun criterio razoable e mediante a comparación de audicións e versións, os estilos e as obras a escoitar. Tampouco estaría de máis advertirlle dos perigos do consumismo irracional.

- Educación vial. É un tema difícil de abordar dende o ensino musical polo escaso parentesco que garda, pero poderíanse promover dalgún xeito actividades referentes a esta materia. Por suposto que polo simple feito de ter que asistir ás clases, o alumno, en moitos casos, ten que ir camiñando ó centro de estudos, non estaría de máis, dende a clase instruílo mínimamente para que teña unha mínima noción do que é a educación vial (dende o punto de vista do peón), debe saber como mínimo, como cruzar as rúas. Suponse que non é misión do profesor de Fundamentos de Composición este cometido, pero tendo en conta a escasa educación vial que existe neste país, non está de máis incidir no tema.

- Educación moral e cívica. A música en xeral ten un gran número de valores actitudinais baseado no respecto e no acatamento de normas. No que respecta a materia que nos ocupa, este tema transversal debe estar ben presente, no referente os demais compañeiros, os seus traballos, ó profesor, ó material das aulas (e dos compañeiros), ó cumprimento de horarios, etc.. Todos estes elementos teñen unha enorme importancia, tendo en conta que o alumnado atópase nunhas idades que oscilan entre os 16 e os 18 anos (na maioría dos casos) é necesario comprender que todas estas cuestións poden ser tan importantes, ou máis, como a boa asimilación dos contidos da presente programación.

5.6. As TIC e o fomento da lectura

Ademais da educación en valores, outro elemento transversal a través do cal se debe incidir dende tódalas materias é o que fai referencia ás *Tecnoloxías da Información e da Comunicación* (TIC), e o hábito da lectura e de expresarse con corrección.

No referente ás TIC, hai varios puntos sobre os que se pode incidir dende a clase de Fundamentos de Composición. Algunhas das posibilidades son, por exemplo:

- Búsqueda en *internet* de información sobre temas propostos polo profesor (ou algún alumno), estes poden estar baseados na ampliación dos contidos tratados nunha unidade didáctica determinada.

- Tamén se pode propoñer a visita a páxinas concretas relacionadas coa música clásica (ou outras músicas), especialmente, aquelas nas que se aborden aspectos determinados que teñan unha relación, dun xeito ou doutro, coa materia

- O intercambio de información entre os alumnos é tamén importante, pois non todos teñen a mesma información sobre os compositores, os libros, os arquivos MIDI, a prensa especializada, os programas de televisión de canles especializadas, etc., este trasvase de información enriquecerá a todos os alumnos do grupo (e tamén ó profesor).

En canto ó fomento da lectura , deberá terse en conta que é un elemento importante polo que pode supor de elemento estimulador en canto a unha serie e variables que van dende a lectura por sí mesma, á curiosidade intelectual, á capacidade de investigación, á formación persoal, etc.. Como consecuencia disto, estamos desenvolvendo unhas variables que ademais de aportar a curto prazo uns evidentes beneficios, proporcionalle a cada alumno unhas ferramentas que serán moi útiles no futuro á hora de estudar, investigar, formarse como persoa e músico.

Dende a materia de Fundamentos de Composición pódense propoñer actividades do seguinte tipo:

- Utilizar revistas (ou prensa) especializadas para consultar información referente a materia de Fundamentos de Composición, ou da música en xeral.

- Consultar libros e dicionarios, para consultar determinadas cuestións referentes á materia.

- Ler libros, na súa totalidade ou parcialmente, para buscar información, ou para ampliar coñecementos sobre determinados temas.

- Lectura de libros sobre música, outras artes ou literatura clásica. Este hábito sempre nos proporcionará unha maior cultura.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En primeiro lugar, hai que aclarar que este punto non se refire ó tratamento do alumnado con necesidades educativas específicas, que se presentará no seguinte apartado, senón que describe as medidas que o profesor toma con todo o alumnado, a través de estratexias variadas, para tratar de dar resposta ás diferentes necesidades que ten que afrontar. Como consecuencia, enténdense os procesos de ensinanza-aprendizaxe como un proceso no que se fai necesario ofrecer respostas diferenciadas e individuais tendo en conta a diversidade do alumnado.

Na ensinanza de Fundamentos de Composición, a atención á diversidade é moi importante e totalmente necesaria, xa que en canto á resposta do alumno interveñen una serie de factores diversos como poden ser as aptitudes, a contorna sociocultural que o rodea, a aceptación dunha nova materia, a situación e a evolución dos seus estudos de réxime xeral, etc..

A atención á diversidade pode partir de actividades cotiás, co fin de obter información sobre as características de cada alumno, sacando conclusións sobre as súas virtudes e carencias, deste xeito, nun primeiro momento haberá que recoller suficiente información sobre o alumno para así poder dar unha resposta axeitada a cada unha das súas necesidades. Como consecuencia diso, en cada unidade didáctica deberánse levar a cabo actividades que poidan dar resposta a todas as necesidades plantexadas no grupo, ben sexan de reforzo para aqueles alumnos que o necesiten, ou de ampliación para os que amosen facilidade na asimilación e na realización dos traballos.

Nesta materia é moi importante que o trato con cada alumno sexa o máis individual e correcto posible, xa que cada un ten as súas propias necesidades e a súa particular forma de entender o que se lle explica. É tamén fundamental non atentar contra a súa autoestima (con comentarios, ou doutro xeito), pois é necesario que el se vexa con capacidade suficiente para afrontar con éxito os estudos de Fundamentos de Composición, non todos teñen a mesma capacidade, pero hai que animalos e darlle confianza para que evolucionen axeitadamente. O profesor debe de tratar de comprendelos e propiciar un ambiente construtivo na clase para así, garantir o éxito final na aprendizaxe da materia.

O caso máis elevado de atención á diversidade é o que se presenta no seguinte apartado, que se refire ó alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, no que entran aqueles casos extremos que se dan tanto por exceso como por defecto.

7. ATENCIÓN Ó ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (ANEAE)

A actual lexislación recolle diferentes casos baixo a denominación de *alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo (ANEAE)*. Deste xeito, podemos atoparnos con alumnos pertencentes ás seguintes categorías:

- Alumnos de incorporación tardía ó sistema educativo español.

Neste caso están todos aqueles alumnos que se incorporan ó sistema educativo con retraso, sexa cal sexa o motivo de tal retraso. Contémplanse aquí o caso dos alumnos extranxeiros, os adoptados por familias españolas en idade escolar así como os alumnos procedentes de grupos sociais reticentes á escolarización.

Son sobre todo, dous os problemas que se adoitan presentar no tratamento do alumno extranxeiro, un e o problema do idioma, e o outro, o peso das tradicións propias da súa cultura (aínda que estas cuestións son diferentes, en función do país de procedencia). Aínda así estas tradicións e coñecementos poden aproveitarse para facilitar a integración no grupo, mediante o estudo dalgunha peza ou autor do seu país, etc.. A cuestión do idioma non debería supor un problema, debido ó carácter procedimental da materia (convén lembrar que as aulas de inmersión lingüística só son obrigatorias nas ensinanzas do réxime xeral).

- Alumnos con alta capacidade intelectual.

O *Real Decreto 943/2003* regula as condicións para flexibilizar a duración dos diferentes niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos con alta capacidade intelectual; en concreto, o artigo 9 fai referencia ás ensinanzas de réxime especial.

Esta flexibilización inclúe medidas e programas de atención específica para este alumnado, que poden consistir en incorporar ó alumno a un curso superior ó que lle corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral, en casos excepcionais, poderase suprimir esta limitación. A todo isto hai que engadir aqueles alumnos con talento musical, no senso de acelerar o proceso formativo ou por ampliación das actividades específicas.

Unha situación que se pode dar é o caso do alumno que evoluciona moi ben no instrumento e, con todo, ten moitas dificultades para avanzar na materia de Fundamentos de Composición (ou ó revés), ante este caso non sería negativo abrir un debate ó respecto, entre todos os profesores de dito alumno, para ver que medidas se poden tomar para tratar de resolver o problema.

- Alumnos con necesidades educativas especiais.

Alumnos con discapacidade física ou intelectual, trastornos graves de conduta, problemas de adaptación, etc.

Tendo en conta as características das ensinanzas de réxime especial, non se contempla a posibilidade de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que sí con discapacidade física. Neste caso tomaríanse as medidas oportunas para adaptarse a este problema, dependendo, tanto da discapacidade, como da materia, é dicir, adaptando os recursos materiais, ou axeitando os elementos do currículo, modificando obxectivos e adaptando contidos e criterios de avaliación.

Nos demais casos que poidan presentarse convén coordinar o traballo e as estratexias a seguir entre os diferentes profesores do alumno en cuestión, para así tratar de resolver os problemas.

8. RECURSOS MATERIAIS E DIDÁCTICOS

8.1. Recursos principais

Ademais do espazo axeitado e do material mencionado anteriormente, o material de traballo estará organizado polo profesor.

Os alumnos deberán asistir ás clases co material de traballo dado polo profesor, cun lapis, unha goma de borrar e papel pautado.

Os materiais a utilizar consistirán nos propios do aula, encerado, xices, equipo de música, piano, etc.

8.2. Recursos tecnolóxicos

Tanto o computador como o teclado controlador son instrumentos moi útiles na clase de Fundamentos de Composición. O equipo informático podería dar lugar a moi interesantes posibilidades experimen-

tais, tales como á modificación e manipulación do timbre, tempo, dinámica, etc., para apreciar os seus efectos formais, así como a creación espontánea de exemplos baseados nunha modificación no deseño melódico, no ritmo, na harmonía, etc.).

A aula de informática debe ser un espazo que se pode empregar habitualmente para moitas actividades (contribuíndo así a súa variedade), entre elas, á visualización de partituras, por exemplo.

Sería importante contar tamén cun proxector para así poder analizar en conxunto calquera obra e para outros posibles usos.

Outro recurso complementario é a visita de *páxinas web* de contido musical e pedagóxico relacionado coa materia de Fundamentos de Composición.

8.3. Actividades complementarias

As actividades dentro e fóra do aula terán como obxectivo complementar a ensinanza da materia, así como incidir sobre os contidos transversais.

Pódense realizar traballos en grupo sobre autores, instrumentos, estilos musicais, etc. para incidir nos elementos e procedementos propios da materia, como na educación en valores, o desenvolvemento das T.I.C. e o fomento da lectura, tratando de que utilicen unha correcta expresión oral (sen esquecerse nunca do exemplo que ten que dar o profesor, en tódolos sentidos e en todo momento).

Outras actividades complementarias moi positivas poden ser: (utilizando os medios audiovisuais para a proxección ou audición) visionar ou escoitar músicas de diferentes épocas, estilos, e así o alumno sacará as súas propias conclusións sobre cada época e o estilo musical (por suposto que se poden, e deben, escoitar outras músicas, procurando sempre que teñan unha mínima calidade). Na medida do posible (en función da dotación do centro), tamén se poden utilizar as novas tecnoloxías aplicadas á materia, tales como os programas de edición de partituras.

A asistencia a actividades como concertos ou conferencias fóra do horario lectivo, ou a participación dos alumnos en actividades que impliquen unha responsabilidade social, como concertos didácticos, ou en eventos que incidan en aspectos como a violencia de xénero, a conservación do medio ambiente, a educación para a paz, un consumismo racional, o racismo, etc., ou calquera outro que sexa positivo para unha mellor convivencia na sociedade na que vivimos.

Todas estas cuestións son moi importantes para fomentar nos alumnos os principios dos valores democráticos, da igualdade, da solidariedade, do respecto, etc.. Tamén se pode salienta a necesidade da música na sociedade actual.

9. BIBLIOGRAFÍA

No referente á bibliografía, cabe salientar unha lista de obras (entre outras) que servirán de apoio para o desenvolvemento das unidades didácticas:

Harmonía

- *Armonía*, Diether de la Motte - Labor
- *Armonía (I-II)*, Emilio Molina, Ignacio Cabello e Daniel Roca - Real Musical
- *Armonía del siglo XX*, Vicent Persichetti - Real Musical
- *Armonía*, Walter Piston - Labor
- *Tratado práctico de Armonía*, Rimsky-Korsakov - Ricordi
- *Tonalidad, atonalidad, pantonalidad*, Rodolph Reti - Rialp
- *La Melodía*, Ernst Toch - Labor
- *Armonía*, Heinrich Schenker - Real Musical
- *Manual de Armonía*, A. Jurafsky - Ricordi
- *Armonía*, Arnold Schönberg - Real Musical
- *Funciones estructurales de la Armonía*, Arnold Schönberg - Labor
- *Tratado de Armonía (I-II-III)*, Joaquín Zamacois - Labor

Contrapunto

- *Tratado de contrapunto tonal y atonal*, José García Gago - Clivis Publicacións
- *Fuga, técnica e historia*, Josep Soler - Antoni Bosch
- *Tratado de Fuga*, André Gedalge - Real Musical
- *Contrapunto creativo*, Forner & Wilbrandt - Labor
- *Contrapunto*, Walter Piston - Labor
- *Exercicios preliminares de Contrapunto*, Arnold Schönberg - Labor
- *Contrapunto*, Diether de la Motte - Labor
- *El Contrapunto de siglo XX*, Humprey Searle - Labor
- *Tratado de Contrapunto e de composición contrapontística*, Michael Haller - A.G.A.L.

Formas musicais - Análise - Historia da Música - Composición - Orquestración

- *Tratado de la forma musical*, Clemens Kühn - Span Press
- *Análisis del estilo musical*, Jan Larue - Labor
- *Cuaderno de análisis. Introducción al análisis musical*, A. Santos e R. Eguílaz - Enclave Creativa
- *Tratado de la forma musical*, Joaquín Zamacois - Labor
- *Tratado de la forma musical*, Gulio Bas - Ricordi
- *Formas de sonata*, Charles Rosen - Labor
- *Historia de la música occidental (I-II)*, Donald Jay Grout - Alianza Música
- *Atlas de Música (I-II)*, Ulrich Michels - Alianza Música
- *Guía de los estilos musicales*, Douglas Moore - Taurus
- *Fundamentos de la composición musical*, Arnold Schönberg - Real Musical
- *Technique de mon langage musical*, Olivier Messiaen - Alphonse Leduc
- *Composición serial y atonalidad*, George Perle - Idea Música
- *Orquestación*, Walter Piston - Real Musical
- *La técnica de la orquesta contemporánea*, Alfredo Casella - Ricordi
- *Principios de orquestación (I-II)*, Rimsky-Korsakov - Ricordi

10. UNIDADES DIDÁCTICAS

Fundamentos de Composición I

- U.D. 1 - As notas estrañas (continuación)
- U.D. 2 - Creación de temas sinxelos - O motivo, enlace de motivos
- U.D. 3 - O acompañamento - Formas de acompañamento
- U.D. 4 - O pedal - Tipos de pedal
- U.D. 5 - Contrapunto (iniciación) - O *Cantus Firmus*
- U.D. 6 - Especies - I (a 2 partes)
- U.D. 7 - O Coral - Orixe e desenvolvemento
- U.D. 8 - Modulación enharmónica
- U.D. 9 - Contrapunto imitativo - Distintas formas de imitación (a 2 partes)
- U.D.10 - O Canon (práctica da súa composición) (a 2 partes)
- U.D.11 - Creación de pequenas pezas de estrutura sinxela (ABA)
- U.D.12 - Especies - II (a 3 partes)
- U.D.13 - O Preludio - Análise e creación de preludios, estilo Bach (a 2 partes)
- U.D.14 - O Minuetto - Forma - Trio - Análise e práctica
- U.D.15 - Especies - III (a 4 partes)
- U.D.16 - Análise de obras que nos permitan ve-los distintos métodos compositivos

Fundamentos de Composición II

- U.D. 1 - A harmonía alterada - A súa función dentro do sistema tonal
- U.D. 2 - Os acordes coa 5ª alterada, na función de Dominante
- U.D. 3 - O estilo fugado - Análise e práctica
- U.D. 4 - Enharmonía dos acordes alterados - Posibilidades na modulación
- U.D. 5 - O contrapunto invertible - Diferentes posibilidades
- U.D. 6 - A invención - Plan tonal e formal - Análise e práctica
- U.D. 7 - O Scherzo - Forma - Trio - Análise e práctica
- U.D. 8 - O estilo harmónico nas diferentes épocas - O Barroco, Clasicismo, Romanticismo, Impresionismo e o século XX
- U.D. 9 - O Neomodalismo de finais do século XIX - Influencia no estilo harmónico
- U.D.10 - O Tema e as Variacións - Construcción de temas que se presten para poder ser modificados (variados) - Escribir variacións sobre eses temas
- U.D.11 - O Nacionalismo musical - Influencia sobre o estilo musical - Creación de pequenas pezas de inspiración folclórica
- U.D.12 - A tonalidade ampliada - Práctica
- U.D.13 - O Sistema Dodecafónico (introdución) - Crear series e experimentar con elas (melódica e harmónicamente)
- U.D.14 - O Jazz - Achegamento mediante a análise e a práctica
- U.D.15 - Creación de pequenas pezas en estilo libre
- U.D.16 - Análise de obras que nos axuden a achegarnos a tódolos estilos tratados

11. DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

A continuación preséntase a distribución das 16 unidades didácticas (I e II de Fundamentos de Composición), cos seus respectivos títulos e o número de sesións, ó longo do curso. Esta distribución pode variar sensiblemente no número de sesións, dependendo do calendario escolar, das avaliacións trimestrais, dos períodos vacacionais e do rendemento de cada un dos grupos. Esta temporalización está dividida en dúas sesións por semana de unha hora de duración e convén que entre elas haxa tempo dabondo para así asimilar o estudado e para prepara-los traballos da seguinte clase.

Tomamos como referencia un curso calquera onde o número de semanas lectivas é de arredor de 32, repartidas en 11, no 1º trimestre, 10, no 2º e 11, no 3º (22, 20 e 22 sesións respectivamente, en cada un dos trimestres).

FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN I

U.D.	Título	Sesións	Trimestre
1	<i>As notas estrañas (continuación)</i>	3	1º
2	<i>Creación de temas sinxelos - O motivo, enlace de motivos</i>	4	1º
3	<i>O acompañamento - Formas de acompañamento</i>	5	1º
4	<i>O pedal - Tipos de pedal</i>	2	1º
5	<i>Contrapunto (iniciación) - O “Cantus Firmus”</i>	4	1º
6	<i>Especies - I (a 2 partes)</i>	4	1º
7	<i>O Coral - Orixe e desenvolvemento</i>	4	2º
8	<i>Modulación enharmónica</i>	2	2º
9	<i>Contrapunto imitativo - Distintas formas de imitación (a 2 partes)</i>	4	2º
10	<i>O Canon (a 2 partes)</i>	4	2º
11	<i>Creación de pequenas pezas de estrutura sinxela (ABA)</i>	6	2º
12	<i>Especies - II (a 3 partes)</i>	5	3º
13	<i>O Preludio - Análise e creación de preludios, estilo Bach (a 2 partes)</i>	5	3º
14	<i>O Minuetto - Forma - Trio - Análise e práctica (a 2 partes)</i>	5	3º
15	<i>Especies - III (a 4 partes)</i>	5	3º
16	<i>Análise de obras que nos permitan ve-los distintos métodos compositivos</i>	2	3º

FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN II

U.D.	Título	Sesións	Trimestre
1	<i>A harmonía alterada - A súa función dentro do sistema tonal</i>	4	1º
2	<i>Os acordes coa 5ª alterada, na función de Dominante</i>	3	1º
3	<i>O estilo fugado - Análise e práctica</i>	5	1º
4	<i>Enharmonía dos acordes alterados - Posibilidades na modulación</i>	2	1º
5	<i>O contrapunto invertible - Diferentes posibilidades</i>	6	1º
6	<i>A Invención - Plan tonal e formal - Análise e práctica</i>	6	2º
7	<i>O Scherzo - Forma - Trio - Análise e práctica</i>	5	2º
8	<i>O estilo harmónico nas diferentes épocas - O Barroco, Clasicismo, Romanticismo e o século XX</i>	2	2º
9	<i>O Neomodalismo de finais do século XIX - Influencia no estilo harmónico</i>	2	2º
10	<i>O Tema con variacións - Construcción de temas que se presten para poder ser modificados (variados) - Escribir variacións sobre eses temas</i>	5	2º
11	<i>O Nacionalismo musical - Influencia sobre o estilo musical - Creación de pequenas pezas de inspiración folclórica</i>	5	3º
12	<i>A tonalidade ampliada - A súa práctica</i>	2	3º
13	<i>O sistema dodecafonico (introdución) - Crear series e experimentar con elas (melódica e harmónicamente)</i>	4	3º
14	<i>O Jazz - Achegamento mediante a análise e a práctica</i>	4	3º
15	<i>Creación de pequenas pezas en estilo libre</i>	5	3º
16	<i>Análise de obras que nos axuden a achegarnos a tódolos estilos tratados</i>	2	3º